







O cambio climático nos ecosistemas mariños

NA TEMPERATURA DA AUGA

O mesmo que a atmosfera, a temperatura do mar tamén está a subir, como vemos na gráfica, que se refire á temperatura fronte ás Rías Baixas. Este queentamento está a producir o desxeo dos polos. Pero os xeos dos casquetes continentais, como é o caso da Antártida e Groenlandia, tamén se están a fundir. Como vemos na fotografía do satélite, a temperatura está a subir por enriba dos 0° en Groenlandia. A chegada de auga doce fai que suba o nivel do mar e baixe a salinidade en, por exemplo, A Coruña e Vigo.



NO NIVEL DO MAR



O aumento do nivel do mar débese a dilatación da auga polo queentamento.

NA SALINIDADE



O desxeo dos casquetes polares non soamente está a provocar un aumento no nivel do mar, senón tamén un descenso da salinidade con graves efectos sobre os ecosistemas.

O xeo dos polos actúa como un espello
O Polo Norte non terá xeo nos veráns na segunda metade deste século. As fotografías da dereita forman parte dunha recreación elaborada pola NASA sobre como inciden os raios de sol sobre o Polo Norte. Cando hai xeo, este actúa coma un espello que reflicte cara ao espazo a luz do sol. Cando non hai xeo, estas radiacións son absorbidas polo mar e convertidas en calor. As fotografías do satélite corresponden á maior e menor presenza anual de xeo. As zonas de desxeo pasan a absorber unha radiación que antes era reflectida, provocando así unha nova zona de queentamento nun punto crítico para a circulación atmosférica e, polo tanto, para o sistema climático.



NAS CORRENTES



No Atlántico Norte, no Pacífico e no Índico, as correntes de auga quente ameñan e afúndense para crear a corrente de auga fría. O descenso da salinidade polos desxeos de augas continentais fan que tamén descenda a densidade. Ao ser menos densa, a auga ten máis dificultades para afundirse.

NAS ESPECIES



O aumento de temperatura e o incremento nas concentracións de dióxido de carbono están a provocar efectos moi negativos sobre as especies maríñas, que ven alterado o seu ecosistema. O CO₂ incide nun aumento da acidez da auga do mar. Este medio ácido causa danos nas especies, especialmente as que teñen cunchas ou

exoesqueletos con compoñentes carbonatados. A temperatura está a afectar a unhas algas microscópicas que os corais necesitan e que son as que lles dan as súas vistosas cores. Unha consecuencia deste fenómeno é o branqueamento dos corais, que supón a súa morte e a das especies asociadas.



RESPONDE:

Cales serán as consecuencias do desxeo total durante os veráns do polo Norte?
Como afecta o aumento da temperatura en Groenlandia e nas costas de Galicia?
Por que crecen as concentracións de dióxido de carbono no mar?

